


# VÍCTIMAS DO TERRORISMO E DEREITOS HUMANOS

UNIDADE DIDÁCTICA  
PARA VALORES ÉTICOS

4º ESO



## EDITA

Dirección Xeral de Apoio a Vítimas do  
Terrorismo. Ministerio do Interior

Dirección Xeral de Cooperación de  
Avaliación e Cooperación Territorial.  
Ministerio de Educación e Formación  
Profesional

Centro Memorial de las Víctimas del  
Terrorismo

Fundación Víctimas del Terrorismo

## TEXTOS

Ricardo Arana Mariscal

## DESEÑO

Dr. Drumen

## TRADUCIÓN

Xoel Rodríguez Martínez

## FOTOGRAFÍAS

Covite

Diario de Burgos

EFE

El Diario Vasco

Emilio Roselló Tormo

ETB

Familia Moreno Asla

José Ibarrola

Reuters

Zulet

Ilustración de cuberta: Zulet, 25/01/1995

NIPO M. Interior: 126-20-073-2

NIPO M. de Educación e Formación  
Profesional: 847-20-236-2

Neste tema abordarás unha cuestión que resulta esencial para todas as persoas: os dereitos humanos. Traballarás especialmente con textos xornalísticos: lerás, verás e escoitarás noticias, entrevistas, reportaxes... Poderás utilizar o aprendido noutras áreas: Historia, Filosofía, Lingua... De feito, realizarás o traballo dun xornalista, xa que elaborarás a túa propia reportaxe sobre o tema proposto: as vítimas das vulneracións dos dereitos humanos (e estes definen, precisamente, a nosa condición humana).



Son moi importantes os coñecementos adquiridos, a análise das túas emocións e sentimentos, a reflexión sobre o que facemos ante as vítimas de violacións de dereitos humanos (en concreto do terrorismo), así como a súa petición de memoria, xustiza, verdade e reparación.



Debuxo de José Ibarrola.

**04**

**Sesión  
introdutoria**

Un mundo de persoas con dereitos

Actividades

**08**

**Sesión 01**

O terrorismo

Como atenta o terrorismo contra os dereitos humanos?

Protagonistas

Actividades

**12**

**Sesión 02**

As vítimas

Poden restrinxirse os dereitos das persoas para loitar contra o terrorismo?

A resposta democrática

Actividades

**16**

**Sesión 03**

Os demais

Como reaccionamos ante o terrorismo e as súas vítimas?

A resposta cidadá

Actividades

**24**

**Sesión 04**

E eu?

Breves pero necesarias explicacións sobre esta proposta

SESIÓN

INTRODUTORIA

*Monumento de Agustín Ibarrola ás vítimas do terrorismo en Vitoria-Gasteiz.  
Fotografía: Emilio Roselló Tormo.*



Eleanor Roosevelt coa DUDH en español. Novembro 1949.  
Fotografía: <https://www.un.org/es/universal-declaration-human-rights>

## UN MUNDO DE PERSOAS CON DEREITOS

Tras a enorme traxedia que supuxo a II Guerra Mundial, a Asemblea Xeral de Nacións Unidas aprobou o 10 de decembro de 1948 a Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH), un texto que marca as relacións entre países e entre persoas.

A Declaración abriu un proceso de avance ético para a humanidade que non rematou, no que se observan, polo menos, tres «xeracións» de dereitos. Os dereitos humanos denominados «de primeira xeración» refírense a liberdades civís e políticas e teñen o seu arranque na Declaración de Dereitos do Home e o Cidadán de 1789. A súa principal marca de identidade é a defensa da liberdade.

Os coñecidos como «de segunda xeración» teñen que ver máis cos dereitos económicos, sociais e culturais das persoas. Inspíranse no principio de igualdade e resultan fundamentais para facer posibles os primeiros e, do mesmo xeito que estes, aparecen incorporados na Declaración Universal de 1948.

Ademais, na actualidade alúdese a unha «terceira xeración de dereitos» para se referir os que foron promovidos a partir do último terzo do pasado século. Sitúanse máis aló da declaración formal de Nacións Unidas de 1948 e pretenden incentivar o respecto, o progreso social e o nivel de vida de todos os pobos que forman a comunidade internacional. Son dereitos vinculados ao concepto de solidariedade e entre eles atópanse o dereito á paz, ao desenvolvemento ou a un medio ambiente sostible.

Non hai uns dereitos que sexan máis importantes que outros e todos están ligados. Supoñen garantías xurídicas universais que protexen todas as persoas en calquera sociedade. A forma máis clara de darse conta da súa relevancia é, precisamente, cando estes lle son negados a alguén. Por iso, apréciase mellor a súa importancia cando se está preto de quen foi privado deles, da vítima dunha inxustiza. Como sinala o filósofo Xabier Etxeberria: «a auténtica revelación dos dereitos humanos, do que son e supoñen, non se nos dá en abstracto, dásenos na vivencia en nós, ou a percepción empático-moral nos outros, da negación deses dereitos».



## ACTIVIDADE DE REFLEXIÓN

A imaxe anterior acompaña o texto do artigo 3º da DUDH «*Todo individuo ten dereito á vida, á liberdade e á seguridade da súa persoa*», nunha edición ilustrada de Nacións Unidas. Que cres que expresa esa imaxe?

A vida parece algo sinxelo de identificar, pero poderías definir a liberdade ou a seguridade?

Coñeces algunha persoa que fose privada inxustamente destes dereitos?

## ACTIVIDADE DE ACHEGAMENTO AO TEMA

De que forma poderías conseguir que a DUDH sexa máis respectada na túa contorna?

Tenta deseñar un anuncio para promocionar este artigo da DUDH en radio, televisión, internet ou redes sociais.

# SESIÓN

## 01







ETA asasinou 11 persoas (entre elas cinco nenas) no seu atentado contra casa-cuartel de Zaragoza (11/12/1987). Fotografía: EFE.

## O TERRORISMO

O terrorismo é unha forma de violencia ilexítima exercida contra persoas, grupos ou institucións para intimidar e provocar medo (terror) co fin de condicionar decisións e obter uns determinados obxectivos, habitualmente, de carácter político. Vulnera os dereitos humanos das persoas, desenvolve unha cultura de odio e ataca o funcionamento democrático das sociedades.

## COMO ATENTA O TERRORISMO CONTRA OS DEREITOS HUMANOS?

O filósofo Immanuel Kant sinalaba que as persoas son un fin en si mesmas, non un medio para usos doutros individuos, pois iso converteríao en simples cousas. Porén, no terrorismo a persoa deixa de ser suxeito para converterse en *obxecto*. É despoñida da dignidade e dereitos que debe ter todo ser humano, para se converter nun medio da organización terrorista para lograr os seus fins.

«Os etarras non son sádicos; aman os seus fillos tanto como calquera, e os seus manifestos están cheos de cantos á vida. O que pasa é que os outros fillos, os das vítimas, non existen. Os disparos son "contra un cuartel", non contra as persoas que habitan nel. A linguaxe etarra é un bordado de eufemismos: "Aquí vos mando información de coches de *txakurras* (cans; por policías) para facer algunha *ekintzas* (accións): comprobádeas e, cando poidades, poñedes unhas lapas (bombas acaroadas), pois, como veríades ultimamente, este tipo de *ekintzas* puxo moi nervioso o inimigo". Trátase dunha carta da dirección de ETA ao *Comando Biscaia* datada en xaneiro de 1992. Entre esas accións que puxeran nervioso ao inimigo figuraba o asasinato, dous meses antes, do neno de dous anos Fabio Moreno, fillo dun garda civil».

*Patxo Unzueta, xornalista*



Mapa do terror de Covite: <https://mapadelterror.com>

Lamentablemente esta vulneración dos dereitos humanos ocorre en boa parte do mundo e tamén moi preto de ti. Hai un dato arrepiante: só en España, case 1.500 persoas perderon a vida como consecuencia de actos terroristas desde 1960.

O terrorismo ten un efecto directo e negativo sobre o exercicio dos dereitos humanos, en especial, o dereito á vida, a liberdade ou a integridade física, pero, ademais, desestabiliza as institucións democráticas, as relacións entre os países e o desenvolvemento social e económico. É un problema de todos, actual e grave.



## PROTAGONISTAS

Para tratar as violacións dos dereitos humanos sempre se debe ter en conta a situación daquelas persoas que sufriron a violencia voluntaria, consciente e inxusta doutras. Se fixésemos un relato da violencia terrorista sen dar protagonismo ás súas vítimas, ao final só confeccionariamos un relato dos violentos, dos vitimarios.

O terrorismo persegue case sempre obxectivos políticos e, fronte a estes, débese traballar de forma imparcial, pero non neutral, se a acción é contraria aos dereitos humanos. Como sinala o filósofo Daniel Innerarity, «non se trata de conseguir un pacto entre agresores e agredidos para se atopar nunha especie de punto medio entre violencia e democracia». Por iso, débese traballar sen ser espectadores pasivos, insensibles ou indiferentes. Nos dereitos das persoas non caben neutralidades. Nunca hai un punto medio entre vítimas e verdugos.

ETA foi o grupo terrorista que máis dano causou en España, pero a acción con maior número de vítimas foi o atentado xihadista do 11 de marzo de 2004.

**Tras os atentados do 2004, o escritor Bernardo Atxaga compuxo un poema, musicado por Jabier Muguruza, cuxa estrofa principal di así:**

<b>Bizitza bizitza da,</b>	<b>A vida é a vida,</b>
<b>handiena;</b>	<b>e é o máis grande;</b>
<b>kentzen duenak</b>	<b>quen a quita</b>
<b>kentzen du dena.</b>	<b>quítao todo.</b>

**A canción atópase accesible en:**

<https://www.youtube.com/watch?v=3ftQ31Hstk>

**A letra completa está dispoñible en:**

<http://www.jabiermuguruza.net/abenduak-29-letras.html>

## A IMAXE

A fotografía corresponde a Fabio Moreno Asla. Morreu tras a explosión dunha bomba colocada por ETA no coche do seu pai na localidade biscaíña de Erandio. Tres días antes do atentado, dous terroristas foron á casa do garda civil Antonio Moreno Moza, o pai de Fabio. Localizaron o seu automóbil e mentres un deles vixiaba, o outro colocou a bomba debaixo do asento do copiloto. O 7 de novembro de 1991, Antonio tiña a intención de ir á piscina cos seus dous fillos xemelgos. Antes de montar no coche mirou os baixos para comprobar que non había ningunha bomba, pero non advertiu nada estraño. Despois, todos montaron no vehículo. Cara ás 16:45 horas, a bomba activouse nunha curva. Fabio morreu no acto e seu irmán Alexander sufriu queimaduras nunha perna e perforación nun tímpano. O seu pai estivo incapacitado 852 días e posteriormente foi declarado inválido para exercer a súa profesión. Os etarras sabían que Antonio ía e volvía do seu traballo en tren e que exclusivamente usaba o coche en compañía da súa familia. Fabio foi enterrado no cemiterio biscaíño de Derio. Ese ano, ETA matou sete nenos (un en Donostia, cinco en Vic e un en Erandio) e feriu outros menores de idade. Fabio Moreno Asla tiña 2 anos e nacera en Bilbao.

Fonte: <http://www.rtve.es/memoriadevida/detalle.php?id=699>

Aínda que ETA (*Euskadi Ta Askatasuna*, Euskadi e Liberdade) xurdiu nos últimos anos da ditadura que o xeneral Franco instaurou en España, a súa maior actividade terrorista desenvolveuse durante a democracia. O caso do asasinato de Fabio Moreno é un dos máis de 800 que cometeu a organización terrorista entre 1968 e 2010. Así relataba anos máis tarde Antonio, seu pai, o atentado sufrido: «Ao abrir a parte de atrás do coche saquei a Alex, que estaba ben. O malo foi cando fun a sacar a Fabio, que o tiven que coller a anacos. Non sabes como suxeitalo porque se che cae por todos os sitios. A bomba, ao reventar, rompeume os tímpanos. Non oía nada, non sabía o que estaba a pasar (...). O primeiro que pensas é por que o meu fillo e non eu, se en teoría o malo da película poderíamos dicir que son eu, por ser garda civil. Co paso do tempo dáste conta que non o fixeron nin polo teu fillo nin por ti, senón por facer danos».

(Declaracións de Antonio Moreno, pai de Fabio extraídas da película documental *Trece entre mil*, de Iñaki Arteta) [https://www.documaniatv.com/politica/trece-entre-mil-vi-deo\\_9e-f0fda5e.html](https://www.documaniatv.com/politica/trece-entre-mil-vi-deo_9e-f0fda5e.html) (a partir de 1:12:58)



Fabio Moreno. Fotografía: arquivo familiar.

## ACTIVIDADE DE REFLEXIÓN

Quen cres que é a vítima (ou vítimas) nesta reportaxe e que cres que lle/s arrebataron con este atentado? (Utiliza para a túa reflexión a DUDH).

## ACTIVIDADES COAS NOTICIAS

Para investigar, dispós de varias posibilidades, entre elas, a base de datos da Fundación Fernando Buesa, que recolle informacións de prensa de actos terroristas en España: <http://extranet.fundacionfernandobuesa.com>

Selecciona unha noticia e resúmea nun parágrafo: que, quen ou quen, cando, onde, como e, sobre todo, por que.

SESIÓN

02





*Quedarán na memoria (2012).  
Pintura de José Ibarrola.*

## LAS VÍCTIMAS

O terrorismo atenta contra a integridade ou a liberdade das persoas, tamén contra a seguridade cidadá, a estabilidade política ou os gobernos elixidos democraticamente. Por todo iso, as institucións deben actuar ante actos terroristas. Pero existen límites para iso?

## PODEN RESTRINXIRSE OS DEREITOS DAS PERSOAS PARA LOITAR CONTRA O TERRORISMO?

Para prever ou facer fronte os actos terroristas e protexer a cidadanía, as institucións sempre teñen fronteiras claras: «ademais de respectar os principios de igualdade e non discriminación, as limitacións deben estar previstas na lei, deben procurar un ou máis propósitos lexítimos concretos e deben ser necesarias nunha sociedade democrática».

Estes límites supoñen que, por exemplo, non sexa posible a detención arbitraria e indefinida dunha persoa, mesmo, aínda que o obxectivo sexa deter ou investigar un acto terrorista, sexa este de extrema dereita, de extrema esquerda, nacionalista radical, xihadista ou calquera outro.



## A RESPOSTA DEMOCRÁTICA

As institucións deben actuar para respectar e protexer as persoas, pero a prevención e resposta ao terrorismo debe producirse sempre no ámbito do que é lexítimo e democrático. Por iso, non poden promover nin amparar normas que supoñan a vulneración dos dereitos humanos, como tratos inhumanos ou degradantes, ou prácticas coñecidas como «guerra sucia» (utilización de prácticas terroristas para atacar terroristas).

España conta co cruel recordo dos atentados cometidos polos denominados *Grupos Antiterroristas de Liberación* (GAL)

entre os anos 1983 e 1987. O Estado de dereito consolidouse en España, rexeita ditas prácticas inxustas e responde ante instancias xurídicas en múltiples ámbitos.

A pesar da violencia sufrida nun atentado terrorista (que supón un golpe durísimo para quen o padeza), as vítimas do terrorismo, aínda que se confesaron sentir imbuídas, en moitas ocasións, por sentimentos negativos, non ampararon respostas ilexítimas e ilícitas ante a violencia sufrida e mostraron un alto grao de compromiso cívico e democrático.

## A IMAXE

A resiliencia, a capacidade das persoas de se recompor tras unha traxedia, é moi distinta nos seres humanos.

Alex Moreno, o irmán xemello de Fabio, pensa que a violencia «non leva a ningún camiño». Moitas vítimas do terrorismo expresan reflexións similares.

«Albergo máis sentimentos de xustiza que de odio. O odio non che fai crecer como persoa. A xustiza, en cambio, si». Son palabras de Iñigo Pascual. Tiña 17 anos cando viu morrer o seu pai, o enxeñeiro Anxo Pascual, metralhado por dous terroristas en 1982.

É posible, tamén, atopar atentados nos que a vítima dos mesmos pertence a un grupo terrorista, pero foi asasinada en similares circunstancias, ben por un grupo de ideoloxía oposta, ben por antigos compañeiros tras desvincularse da organización. Podemos considerar vítima do terrorismo a alguén que sufriu un atentado, pero que tamén exerceu a violencia terrorista sobre outras persoas?

A condición de agresor que tivese unha persoa non invalida a condición de vítima dunha violencia inxusta se isto ocorre, e obriga os mesmos criterios de respecto, solidariedade e xustiza cara a esa persoa ao nivel correspondente dunha vítima que sufriu.



Entrevista de ETB a Alex Moreno: *Meus pais criáronme sen odio:*  
<https://www.youtube.com/watch?v=aoBebocEuqU>

## ACTIVIDADE DE REFLEXIÓN

Resume nunha soa frase o que che suxire a entrevista a Alex Moreno.

Unha inxustiza sufrida coloca a vítima ante un gran dilema persoal. A *Fundación de Víctimas del Terrorismo* difunde en Internet un fragmento de case nove minutos que resume a conversación de Pedro Mari Baglietto (cuxo irmán, Ramón, foi asasinado por ETA) cun grupo composto principalmente por estudantes e na que aparecen as emocións, sentimentos e secuelas que imbuén as vítimas. Como valoras a resposta desta vítima? <https://fundacionvt.org/pedro-mari-baglietto-en-el-colegio-calasancio>.

Para continuar coa túa investigación podes ver algúns testemuños máis, facilitados pola *Asociación de Víctimas del Terrorismo*: <https://avt.org/es/testimonios>

Ademais, dispós doutras entrevistas similares en YouTube: <https://www.youtube.com/user/avt/videos>

## ACTIVIDADES COAS ENTREVISTAS

Recole a información dada polas persoas entrevistadas e titula cada unha das entrevistas. Observa os xestos: que che chama a atención?

16

# SESIÓN

03

Habida cuenta de los datos de que Ud. dispone, millones de pesetas, o en su defecto en pesetas, o en billetes usados.

La Organización Socialista Revolucionaria Vasca de Liberación Nacional, Euskadi Ta Askatasuna, se dirige a Ud. para notificarle la obligación que dados sus recursos financieros, tiene contraída para con el desarrollo del proceso de liberación nacional y social de Euskal Herria. A tal efecto, ponemos en su conocimiento nuestra decisión de exigirle una contribución económica obligatoria e inapelable en concepto de apoyo a nuestro movimiento afín de hacer frente a este proceso general.

habra de ponerse en contacto con la policía española en el plazo de 15 días a partir de la notificación. Sobre su conocimiento de la policía española de lo contrario de la contribución, de lo contrario su actuación con consecuencias dolorosas que su actuación

nuestro poder sobre los billetes usados. esta cantidad deberá ser en francos

axigencia que le formulamos, lejos de personal o colectivo, no tiene otro desarrollo de una sociedad vasca, inequívocamente corroborado por estimables de cada uno de los militantes quienes como bien sabe Ud., pagan cárcel y aún con su propia vida

habra de ponerse en contacto con la policía española en el plazo de 15 días a partir de la notificación. Sobre su conocimiento de la policía española de lo contrario de la contribución, de lo contrario su actuación con consecuencias dolorosas que su actuación

tacto, le saludamos atentamente.

Si que decir tiene que la exigencia que le formulamos, lejos de cualquier intención de lucro personal o colectivo, no tiene otro objetivo que el de garantizar el desarrollo de una sociedad vasca libre, justa y solidaria, inequívocamente corroborado por la entrega y generosidad inestimables de cada uno de los militantes de nuestra Organización, quienes como bien sabe Ud., pagan con sus propios años de lucha y cárcel y aún con su propia vida su esfuerzo.

Euskadi Ta Askatasuna  
E.T.A.



Euskadin Abuztuak 17, 1991

espera de su contacto, le saludamos atentamente.

Euskadi Ta Askatasuna  
E.T.A.



Euskadin, 1.991-ko Abuztuak 17

represente oportuna contra  
le que cualquier intento por  
la Policía le acarrearía con-



Euskadin, 1990eko Urriak 28

Cartas de extorsión remitidas por ETA a varios empresarios (03/02/1992).  
Fotografía: EFE.



# Confinados

JESÚS PRIETO MENDEZA

Antropólogo y colaborador del Centro de Ética Aplicada de la Universidad de Deusto

Quizá recordar lo que debieron padecer los hombres y mujeres secuestrados por ETA pueda ayudarnos a llevar mejor nuestra confortable reclusión

**D**esde el día 15 de marzo estamos confinados en nuestro domicilio. Ya más de cinco semanas encerrados, con televisión, ordenador, el frigorífico lleno, libros, servicios sanitarios, ducha, bicicleta estática, terraza o balcón y, lo más importante, cerca de nuestros seres queridos, lo que hace que nuestros afectos también se vean correspondidos. Bien, pues a pesar de ello numerosas personas manifiestan estar ya agotadas, cansadas, hastiadas del confinamiento y muchas de ellas aseguran que sueñan con el día en que puedan por fin salir a la calle, que esto es una tortura.

Ciertamente, nadie puede negarlo, una medida tan drástica como es la reclusión obligada no es agradable para ningún ciudadano. El ser humano necesita sentirse libre y si bien una reclusión voluntaria durante unos días puede ser positiva, incluso resultar sanadora para el espíritu o creadora para el artista, si es forzada se percibe con sufrimiento y dolor. Casi inconscientemente he pensado en lo que debieron padecer todos aquellos hombres y mujeres (sólo se conoce el caso de una mujer, Mirentxu Elosegui, hija del conocido propietario de Boinas Elosegui de Tolosa) que fueron secuestrados por ETA.

Desde 1970 (año en el que secuestró a José Ángel Aguirre, director del Banco Guipuzcoano en Elgoibar) hasta 1997 (inolvidable secuestro y posterior asesinato de Miguel Ángel Blanco), la banda terrorista arrebató la libertad a 86 personas. Seres humanos, padres, hermanos, hijos de alguien que los quería; previamente sometidos a un lento proceso público de deshumanización mediante el bombardeo de insultos, pintadas o pasquines: español, colaborador, explotador, usurero, enemigo del pueblo... para luego ser encerrados, torturados, extorsionados, liberados con un tiro (en 14 casos) o, en el peor de los casos, asesinados (diez lo fueron).

Todavía duele escuchar el relato de Jai-



JOSÉ BARROLA

me Caballero, gerente de Papelera del Oría, secuestrado el 10 de diciembre de 1986 y liberado el 7 de febrero de 1987: « (...) estuve 59 días secuestrado. Han pasado doce años desde aquello (...) la única secuela es la falta de sueño, me lo trastocaron. Los médicos me dijeron que tomara pastillas y de vez en cuando les hago caso. El secuestro me alteró el sistema nervioso. Ahora ha sido el aniversario de mi secuestro. Le pregunté a mi hija si se acordaba y me dijo que sí, pero que no había querido decirme nada. Cuando sucedió aquello, ella tenía 13 años. Todos los días paso por delante de mi zulo, lo tengo enfrente de mi empresa, desde mi oficina lo veo (...). De ancho justo pegaba con los codos en los laterales, de largo entraba un colchón de unos dos metros y de altura unos dos metros, un cajón. Yo no caminaba nada (...) con lo que me gusta andar e ir al monte, pero allí dentro no. Tenía la luz encendida todo el día y música las veinticuatro horas del día. No la quitaban para que no oyera los ruidos de la fábrica. Me pasaban periódicos

recortados, crucigramas y alguna lectura. Al principio pasé mucho miedo, me intranquilizaba pensar qué iba a ser de mí. Luego tuve mucho tiempo para pensar, las veinticuatro horas del día (...). Me cuidaban tres personas. Había de todo, como en la vida. Uno de mis secuestradores se portó bien, uno regular y el otro muy mal, me contestaba muy despectivo (...). Perdí la noción del tiempo. Un día me anunciaron que las cosas iban bien y que en cualquier momento (...) Me dejaron atado a un árbol». (Cristina Cuesta, 'Contra el olvido', 2000).

La palabra vasca 'zulo' fue incorporada al diccionario de la RAE como lugar de secuestro, hábitculo pequeño dispuesto para encerramientos ilegales. ¡Qué triste aportación al acervo lingüístico español! Lugar oscuro, subterráneo, cerrado, húmedo, insalubre... un lugar para la tortura, sí, para la tortura. Además de las denunciadas prácticas utilizadas por determinados servidores del Estado en su lucha espuria contra el terrorismo, hemos olvidado que ETA también torturó en sus tenebrosas 'checas' 'Secuestrados, enterrados en vida, en gran parté pertenecientes al empresariado, que como refleja Izaskun Sáez de la Fuente ('Mistivas del terror', 2017) sufrieron «una forma particular de violencia, la extorsión económica, con el fin de convertirlos en financiadores forzosos de la actividad mortífera de quien los extorsionaba». Cosme Delclaux pasó encerrado 232 días, 342 José María Aldaya y el cautiverio de Ortega Lara, el más largo de ETA, se prolongó durante 532 días. Días de rapto, chantaje, humillación, lágrimas, temor, soledad impuesta, entre olor a orines y heces, a golpe de pistola y ración de anestésico. Muchos de ellos se recuperaron de sus heridas, físicas y psicológicas, pero otros muchos arrastran duras secuelas desde entonces, así como sus familiares.

Quizás recordarles, y con ello su sufrimiento, pueda hacernos llevar mejor nuestro actual y confortable confinamiento.

## OS DEMAIS

Puידeches comprobar que as vítimas do terrorismo non ampararon respostas fóra da lei. Sabes, así mesmo, que as institucións sempre deben actuar desde o respecto aos dereitos humanos. E que ocorre coa sociedade no seu conxunto?

## COMO REACCIONAMOS ANTE O TERRORISMO E AS SÚAS VÍTIMAS

Hai máis de 2000 anos, filósofos gregos como Aristóteles ou Platón consideraban necesario que as persoas fósemos educadas para sufrir ou aledarnos «coas cousas que se debe». Aledámonos cos actos terroristas, entristecémonos e empatizamos coas súas vítimas, ou permanecemos indiferentes?

## A RESPOSTA CIDADÁ

Este novo recorte de prensa corresponde a un artigo de opinión do antropólogo Jesús Prieto, que lembra os secuestros cometidos por ETA.


Ata a súa disolución en 2018, ETA secuestrou 86 persoas. Dez delas foron asasinadas e catorce sufriron disparos nas pernas. Aínda que a maioría das vítimas foron extorsionadas para financiar a organización e os seus atentados, outras tamén foron secuestradas para xerar presión a empresas ou institucións, co fin de que tomasen determinadas decisións. Forman parte desa lista, entre outros, José María Ryan Estrada, secuestrado en 1981 para esixir o peche dunha central nuclear en construción; o capitán de farmacia, Alberto Martín Barrios, secuestrado en 1983 para esixir a suspensión dun xuízo e a lectura dun comunicado, e o concelleiro do concello de Ermua, Miguel Ángel Blanco Garrido, secuestrado en 1997 para esixir o achegamen-

to dos presos da banda ao País Vasco. Todos eles foron asasinados.

O secuestro e asasinato de Ryan provocou a primeira folga xeral no País Vasco contra unha acción terrorista. O de Blanco supuxo un fito na mobilización cidadá con centos de actos de repulsa por toda a xeografía española nos que participaron millóns de persoas. Pero, agás momentos puntuais, durante longo tempo a reacción habitual fora medo ou indiferenza e a protesta pública circunscribíase unicamente aos achegados das vítimas.

Na década dos anos 80 comezou a mudar este panorama coa aparición de organizacións cívicas de rexeitamento ao terrorismo que convocaban concentracións públicas de repulsa. Case todas estas manifestacións foron silenciosas e sempre pacíficas.

No ano 1993, miles de persoas comezan a levar un lazo azul na lapela como denuncia polo secuestro do industrial Julio Iglesias Zamora. A iniciativa foi organizada por catro organizacións pacifistas e os traballadores da empresa da vítima, que a mantiveron durante os 116 días que durou o seu cativerio. Este lazo, con forma de A (de Askatu, libre en éuscaro, e de liberdAde), volveuse utilizar durante os secuestros de José María Aldaia, José Antonio Ortega Lara, Cosme Delclaux e Miguel Ángel Blanco.



Zulo onde ETA mantivo encerrado ao funcionario de prisións José Antonio Ortega Lara durante 532 días. Fotografía: Diario de Burgos.

«ESCOITAR Declaracións de José María Aldaya durante o xuízo aos seus captadores: [https://cadenaser.com/ser/2006/11/24/espana/1164329416\\_850215.html](https://cadenaser.com/ser/2006/11/24/espana/1164329416_850215.html)

**Alguns datos sobre o tempo que duraron os secuestros e características dos lugares que serviron para reter esas persoas.**

PERSONA SECUESTRADA	TEMPO SECUESTRADA	DIMENSIÓN DO LUGAR NO QUE PERMANECEU SECUESTRADA		
		LONGO	ANCHO	ALTO
Julio Iglesias Zamora	116	1,8 M	1,6 M	1,8 M
José María Aldaya Etxeburua	341	3,0 M	0,9 M	1,8 M
José Antonio Ortega Lara	532	3,0 M	2,5 M	1,8 M
Cosme Delclaux Zubiria	232	3,0 M	1,5 M	1,8 M

Táboa 1. Elaboración propia



Imaxe da reportaxe *El secuestro que desató el lazo azul (O secuestro que desatou o lazo azul)*. Fotografía: *El Diario Vasco*.

## PROTAGONISTAS

A empatía e a solidariedade cara ás vítimas ás veces resultan arriscadas. As persoas que portaban o lazo azul en repulsa dos secuestros levados a cabo por terroristas convertéronse, en moitas ocasións, en obxectivos do acoso da contorna terrorista e tiveron que soportar insultos, vexacións, ameazas e mesmo agresións físicas.

Reportaxe de *Gesto por la Paz*:  
<https://youtu.be/usSC7y92Mgo>

«O lazo azul supuxo o ascenso dun chanzo máis no compromiso persoal de cada un. Xa non se trataba de diluír a nosa presenza nunha gran manifestación, nin sequera en calquera concentración de Gesto, senón de portar, permanente e visiblemente, a pancarta da liberdade sobre o noso propio corpo».

*Ana Rosa Gómez, voluntaria*



A pesar de que o terrorismo sempre busca a máxima publicidade das súas accións para conseguir os seus obxectivos, mantén un especial coidado en que se esqueza que as súas vítimas son seres humanos. Necesita excluír, «borrar» do recordo colectivo o feito de que as vítimas son persoas que sufriron inxustamente por decisión doutras. Para iso non dubida en secuestralas acusándoas de «infeis», como fai o terrorismo xihadista; en anular a súa condición humana e cultivar o esquecemento ocultando os feitos ou mesmo atacando o seu recordo con profanacións de tumbas ou ataques a espazos que perpetúan a súa memoria.

Cristina Cuesta tiña 20 anos cando un comando autónomo próximo a ETA asasinou o seu pai, Enrique Cuesta, directivo dunha empresa telefónica e o seu escolta Antonio Gómez, en Donostia en 1982... Anos despois relata o illamento social ao que a quixo someter a contorna terrorista:

<https://www.youtube.com/watch?v=4QhrfEBVWAI> (desde 4'52" ata 5'36").

## A IMAXE

A serie de imaxes da estación de Atocha tomadas polo fotógrafo Pablo Torres Guerrero tras o atentado xihadista do 11 de marzo de 2004, compoñen, como indica o seu autor, un quebracabezas de moitas pequenas escenas que mesturan drama e compañeirismo, o máis atroz e o máis xeneroso.

Un enfermeiro dun centro médico próximo, que se desprazou para atender as vítimas destes atentados terroristas, describiu aqueles momentos así: «ían como zombis, entre o fume e o cheiro a queimado, sangrando, coa roupa esnaquizada, a mirada ida, chorando, algúns tentaban marcar os números do seu móbil, imaxino que para avisar as súas familias, pero non sabían como. Outros, moitos deles inmigrantes, pedían un teléfono, preguntaban pola súa familia...».

Fonte: El País, 11 de marzo de 2004.

*Vítimas do atentado do 11-M de 2004 recibindo axuda. Fotografía: Pablo Torres Guerrero, Reuters.*



A canción «*Otro muerto*» («*Outro morto*»), do grupo Mecano, foi precisamente interpretada como unha denuncia da insensibilidade ante as vítimas da violencia inxusta, incluída a violencia terrorista.

#### OTRO MUERTO (MECANO)

**Outro morto, outro morto**

**Que máis dá**

**Se está morto, que o enterren e xa está**

**Outro morto, pero non é sen xeito nin dereito**

**De momento acabouse a discusión.**

**Eu non sei, nin quero**

**Das razóns**

**Que dan dereito a matar**

**Pero deben selo**

**Porque o que morre**

**Non vive máis, non vive máis.**

**Outro morto, pero que bonitos son**

**Caladiños, sen querer levar razón**

**Outro morto, pero ten o seu porqué**

**Algo fixo e se non pregúntalle.**

**Eu non sei, nin quero**

**Das razóns**

**Que dan...**

**A canción está accesible en:**

**<https://www.youtube.com/watch?v=OEfZn9i-BIQ>**



A Asociación 11-M Afectados por el Terrorismo xurdiu tras os atentados coordinados e cometidos polo terrorismo xi-hadista en Madrid en 2004. As bombas situadas en catro trens provocaron a morte de 193 persoas e resultaron feridas 1.856. A asociación mantén un lazo negro (en sinal de loito) polas vítimas como símbolo distintivo. Do mesmo xeito que a Asociación de Ayuda a las Víctimas del 11-M, boa parte da súa actividade está orientada non só ao seu recordo, senón tamén a propiciar a colaboración de persoas voluntarias para tarefas de axuda ou acompañamento.

<http://asociacion11m.org/como-puedes-ayudar/acompanamiento>

Durante as últimas dúas décadas, en todo o mundo, pero, especialmente en Asia e África, aumentou a presenza de grupos terroristas de ideoloxía xi-hadista que asasinaron e feriron miles de persoas. Na actualidade, o terrorismo de este e doutros tipos é, desgraciadamente, unha ameaza para a paz mundial. Por iso, a Asemblea Xeral de Nacións Unidas decidiu en 2017 proclamar o 21 de agosto como Día Internacional de Conmemoración e Homenaxe ás Vítimas do Terrorismo, co fin de honrar e apoiar as vítimas do terrorismo. <https://www.un.org/es/events/victimsofterrorismday>

A Lei de Recoñecemento e Protección Integral das Vítimas do Terrorismo, aprobada en España en 2011, obtivo un gran consenso parlamentario. Esta persegue o recoñecemento, respecto e solidariedade cara ás vítimas. Como consecuencia desa lei creouse o Centro Nacional para la Memoria de las Víctimas del Terrorismo (<http://www.memorialvt.com>), coa finalidade de preservar e difundir os valores democráticos e éticos que encarnan as vítimas, construír a memoria colectiva e concienciar a sociedade da necesidade de defender os dereitos humanos.

O terrorismo necesita o odio e tamén a indiferenza. Para evitar esta última, para preservar a memoria, a xustiza, a verdade e para reparar as súas vítimas, asociacións e institucións traballan en múltiples direccións.



## ACTIVIDADE DE REFLEXIÓN

António Guterres, secretario xeral de Nacións Unidas, pide na presentación do Día Internacional das Vítimas do Terrorismo que nos comprometamos a mostrarlle ás vítimas «que non están soas». Observa con atención a imaxe dos atentados de Madrid de 2004, de Pablo Torres. Que relación ten coas palabras do secretario xeral da ONU?

Viches algunha vez nas túas redes sociais algunha mensaxe denigrante ou ofensiva contra unha vítima do terrorismo? Como reaccionaches?

## ACTIVIDADE: A MIÑA PROPIA REPORTAXE

O teu traballo consistirá agora na elaboración da túa propia reportaxe. Deberá ser breve e directa. Poderá ser un relato gráfico, audiovisual, oral ou escrito cuxos protagonistas sexan vítimas de terrorismo. Para definir o obxectivo contas con moitas claves e, ademais, dispós de diversas fontes de documentación, entre elas, as que apareceron ao longo destas páxinas.

SESIÓN

04

TRABALLO

FINAL





### E EU?

Ao longo destas sesións coñeciches, desde a práctica, os dereitos que temos todos os seres humanos, e aqueles casos nos que se produciu a súa violación, como cando alguén é vítima dun acto terrorista.

Agora deberás apreciar as reportaxes realizadas, valorar a súa produción, a súa calidade estética, e a súa capacidade de chegar ata o público. Sinala se nestes traballos se tiveron en conta as cuestións máis importantes abordadas nas anteriores sesións:

- Son as vítimas do terrorismo as protagonistas da reportaxe?
- Denuncia a reportaxe a violencia sufrida e relación coa DUDH?
- Dá algunha xustificación a esa violencia padecida?
- Solidarízase coas vítimas?
- Propónselle algo positivo sobre as vítimas ás persoas que lean, escoiten ou vexan esta reportaxe?

## BREVES PERO NECESARIAS EXPLICACIÓN S SOBRE ESTA PROPOSTA

Esta proposta didáctica sobre os dereitos humanos, o terrorismo e as súas vítimas pode ser desenvolva en tres ou cinco sesións de traballo con alumnado de 4º curso de ESO na área de Valores Éticos. Para iso, tivéronse en conta as directrices curriculares en vigor, así como diversas reflexións e orientacións. De forma moi especial e resumida, ao longo deste traballo pretendeuse:

Apreciar a importancia da DUDH e os dereitos contidos nela.

Subliñar a relevancia dos dereitos humanos mediante testemuños directos e próximos nos que son vulnerados.

Explicar o terrorismo sen lle dar protagonismo aos terroristas.

Propiciar que se deslexitime esa violencia inxusta.

Promover a empatía e solidariedade cara ás súas vítimas.

Favorecer que o coñecemento dos dereitos humanos culmine nun acto solidario.

Combinar saberes cognitivos con aqueles de procedemento e de actitude.

Procurar unha dinámica reflexiva, participativa e de diálogo.

Impulsar unha aprendizaxe activa con uso de tecnoloxías actuais.

Utilizar unha linguaxe sinxela e inclusiva.

## REFERENCIAS

Arteta, I. (2013, xuño, 26). *Declaracións de Antonio Moreno, pai de Fabio, extraídas da película documental Trece entre mil*. [https://www.documaniatv.com/politica/trece-entre-mil-video\\_9ef0fda5e.html](https://www.documaniatv.com/politica/trece-entre-mil-video_9ef0fda5e.html) (a partir de 1:12:58).

Documental sobre Gesto por la Paz. (2019, 4, xuño). <https://youtu.be/usSC7y92Mgo>.

Etxeberria, X. (26 de febrero de 2011). *El Correo*.

Gómez, A. R. (2013). *Un gesto que hizo sonar el silencio*. (p. 36). País Vasco, España: Coordinadora Gesto por la Paz de Euskal Herria.

Innerarity, D. (21 de novembro de 2011). *El País*.

Marrodán, J., Araluce, G., García de Leániz, R., Jiménez, M. (2013). *Historia del terrorismo en Navarra. 1960-86* [Relatos de Plomo]. Navarra, España: Gobierno de Navarra.

Moreno, A. (2016, novembro, 7). Entrevista de ETB a Alex Moreno: Mis padres me han criado sin odio. Recuperado de <https://www.youtube.com/watch?v=aoBebocEuqU>.

Unzueta, P. (25 de agosto de 1996). *El País*.

UNIDADE DIDÁCTICA  
PARA VALORES ÉTICOS

**4º ESO**

